

A entrevistista. Raymond O'Connor. Profesor e investigador en xeografía rural e desenvolvemento comunitario (University College Cork), Irlanda.



- En termos de fertilidade, os datos demográficos en Irlanda non son precisamente alarmantes. Pero, en que medida o desequilibrio territorial e a habitabilidade das áreas rurais son aínda un desafío pendente?

- O censo de 2011 puxo en evidencia unha redistribución da poboación en torno a áreas rurais accesibles e un declive demográfico nas áreas remotas. A orixe desta tendencia pode rastrexarse no tempo e sitúase nos anos 90. Dende 1994 o crecemento da poboación concentrouse nunha serie de vilas dormitorio -áreas rurais accesibles- nucleadas por cidades grandes. Para esas áreas rurais as perspectivas demográficas son boas. Pero os prognósticos de viabilidade a longo prazo das áreas rurais remotas non son bos. O continuo devalo da poboación desas áreas implica moitos desafíos. Pero dado que

esa tendencia só se viu confirmada co censo de 2011, a reconfiguración das actuais estratexias para abordar as consecuencias sociais, culturais e económicas do despoboamento e declive rural aínda non se acometeu.

- Que papel poderían xogar o sector voluntario e a economía social á hora de evitar a exclusión territorial das áreas rural máis vulnerables?

- Desde a fundación do Estado irlandés en 1022, pode defenderse que tanto o sector voluntario como a economía social xogaron un papel moi relevante no mantemento da viabilidade das áreas rurais en Irlanda. Non obstante, se se quere dar continuidade a esa intervención pública, que sitúa ao sector voluntario e á economía social no centro da estratexia de desenvolvemento rural, requirirase agora un incremento dos recursos. Pero, no contexto actual de restrición do apoio governamental ao sector voluntario, sector que experimentou recentemente recortes brutais (Harvey, 212), o papel futuro do sector voluntario e das empresas de economía social, entanto que axentes clave na mellora das áreas rurais en declive, irá tendo cada vez menos relevancia, a non ser que o apoio desde a UE se mantivese ou incrementase.

Harvey, B. (2012) *Downsizing the Community Sector: Changes in employment and services in the voluntary and community sector in Ireland, 2008-2012*, Irish Congress of Trade Unions, Dublin